

VIERNES, 29 de mayo de 2009

LUCES

## O cuarto oscuro da censura

---

D. S. | 29 MAY 2009

A dedicatoria da novela *Os corvos, a figueira e a fouce de ouro* valeulle a Xosé Luís Méndez Ferrín a cadea en 1969. O estado de excepción declarado pola ditadura a causa dos disturbios estudantís que axitaban a universidade metéralle a policía na casa. A acusación de propaganda ilegal baseouse no epígrafe que encabezaba o libro mecanoscrito: "Ao Piloto, último guerrilleiro de Galicia, abatido a tiros en Belesar en 1964. En memoria de Foucellas, Bailarín, Ponte, Raúl, Curuxás e de todos os xefes guerrilleiros que defenderon o honor, a liberdade e a democracia na Nación galega, e morreron". A obra fica inédita e, segundo ten declarado o autor, non permitirá que se publique mentres viva.

Diferente sorte correron os contos de *Auga Lizgaira*, o que ía ser o primeiro libro de Ánxel Fole (Lugo, 1906-1983). A piques de entrar no prelo da editora Nós cando o levantamento franquista de 1936, o libro perdeuse ao tempo que os *nacionales* destruíron as instalacións da empresa de Ánxel Casal.

Tampouco unha antoloxía de poesía galega daquela contemporánea escolmada por Xesús Alonso Montero sobreviviu, pero xa nos anos 60, á censura. A virada cara ao socialrealismo dos poemas compilados non foi a menor das causas.

A cineasta Margarita Ledo Andión apenas viña de editar o seu primeiro volume de poemas -*Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto* (1970)- cando o organismo censor rexeitou *Un pouco de leite callado*. A obra dorme nos caixóns da autora de *Linguas mortas*.